

O PRONUNCIAMENTO

A conspiración atópase no corazón de todo pronunciamento, pero, que é un pronunciamento? Este concepto recibiu numerosas e diversas definicións de investigadores como Irene Castells, Stanley Payne, José Luis Comellas ou Miguel Alonso Baquer. Non obstante, o punto de vista máis inclusivo sobre o concepto de pronunciamento é o de Claude Morange, que o define como «unha forma de golpe militar asestado contra o poder para introducir nel reformas políticas.»

Non debe confundirse cun alzamento nacional (proclama de hostilidade contra as autoridades por grupos de cidadáns que se adhiren aos mandos militares locais para defender tradicións ou conquistar dereitos) nin cunha insurrección, na que se ameaza co uso das armas contra quen busquen unha solución pacífica da situación crítica. Os textos que acompañaban aos pronunciamentos non pedían que se derrocara ao goberno, senón que este tomase decisións concretas como apartar a un ministro ou derrogar unha determinada lei. Había certo chamamento á opinión pública coa intención de utilizala como xustificación do acto. Ao contrario que nun golpe de Estado, non ten lugar unha toma directa, explícita, do poder e os seus órganos. Repetíase unha liturxia bastante semellante, sempre en nome da liberdade: realizábanse promesas de felicidade para o pobo por parte dun mesías que dicía encarnar a Constitución, ou defender ao rei ou á raíña en perigo. Xenerais prestixiosos, militares profesionais dicían falar en nome da nación. A súa intención era xeneralizar un levantamento con base nos principais centros urbanos. O esquema a seguir consistía en organizar conspirativamente entre civís e militares un movemento insurreccional no que unha personalidade militar coñecida se pronunciase cun grupo de patriotas, lendo un manifesto. A concepción da política e da historia sostida polos liberais fundábase sobre unha suposta virtude das grandes ideas que defendían e a capacidade mobilizadora do exemplo dos pronunciados. Vía a resposta favorable do pobo e do exército como algo automático; para eles era «obvio» que se unirían a tan boas intencións.

Outro rasgo fundamental do pronunciamento é a necesidade de desprazarse. Desde onde se sitúa a gornición protagonista, o xefe da sublevación ou un dos seus tenentes comeza unha marcha coas súas tropas co fin de estender territorialmente o movemento. Desa forma, buscábanse adhesións nos pobos e gornicións veciñas. Quedarse estático nun lugar era condenar o golpe ao fracaso. É imprescindible lograr un «efecto dominó» nunha estratexia «de circunferencia», dado que habitualmente tiñan lugar en localidades periféricas de cara a presionar desde alí ao goberno residente en Madrid. O mesmo sucedía en Portugal, onde, desde a impunidade da distancia que daban lugares como Oporto ou Santarem, pretendíase gañar tempo tanto no caso de contraataque como para conseguir novos apoios. E é que o tempo corría en contra dos sublevados. Se, á medida que se desprazaban a outros municipios e a noticia do seu movemento chegaba a Madrid, a aprobación e o apoio non chegaban pronto, a inercia da sociedade na obediencia xogaba sempre a favor do goberno.

Así pois, un pronunciamento pode definirse como aquel movemento protagonizado por membros do Exército que ten como meta unha alteración profunda do *statu quo* político partindo dun chamamento á nación coa vocación de recibir apoios crecentes tanto militares como civís que obriguen ao poder a efectuar reformas na súa estrutura, xa sexan devanditas transformacións persoais (en relación con quen ocupan cargos de responsabilidade) ou legal-constitucionais.

CAÑAS DE PABLOS, ALBERTO *Os xenerais políticos en Europa e América. Centauros carismáticos baixo a luz de Napoleón (1810 - 1870)* (2022)